



CPI de ATIOS  
Valdoviño

# Memoria

## Especialidade de Educación Física

### Primaria

Curso 2022-23

Especialistas	Nivel
<i>Patricia Regueiro Sousa</i>	1º, 2º e 3º de EP
<i>Antonio J. Rodríguez Rodríguez</i>	4º, 5º e 6º de EI 4º, 5º e 6º de EP

## **A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.**

A porcentaxe de cumprimento das programacións por cursos é a seguinte:

1º e 2º nivel de EP : 9 unidades de 9 – 100%

3º e 4º nivel de EP : 10 unidades de 10 – 100%

5º e 6º de EP : 12 unidades de 14 – 85%

## **B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.**

O curso 22-23 supuxo a implantación parcial da nova lei de educación. Por iso, nos cursos de 1º, 3º e 5º de EP as programacións foron elaboradas seguindo o programa PROENS que implementa a LOMLOE.

As programacións para eses cursos podemos dicir que parten de cero, con una nova lei. No curso 23-24 a implantación farase completa para todos os niveis.

Podemos dicir, que se cumpriu coas programacións segundo estaban planificadas con pequenos cambios en canto á temporalización e axustes no número de sesións das unidades didácticas que se repetían do curso pasado ( 2º, 4º e 6º EP) . Na programación de 5º de EP non se levaron a cabo as UD nº 6 e a nº 12 polo que a programación impartida foi do 85% do agardado para este curso.

### **C) Motivos das modificacións feitas ao longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.**

Os axustes na realización das unidades didácticas viñeron provocados fundamentalmente, pola adaptacións á nova lei.

Plantexouse para os cursos impares un aumento no número de Unidades Didácticas como propón o novo modelo. Así, no 1º trimestre o desaxuste entre o programado e o que fomos traballando provocou que non se levara a cabo a UD con cordas e parkour ( nº6) e no final de curso non traballamos tampouco os deportes alternativos/ inclusivos ( goalball e balonkorf) da UD nº12 .

En ningún caso estes cambios interferiron no logro de obxectivos. Agardamos que coa implantación completa e a experiencia deste curso que remata, para o novo se podan realizar todas as UD programadas sin dificultade.

### **D)Propostas de mellora para a programación didáctica.**

Para o novo curso reestructurase definitivamente a programación para adaptala á LOMLOE . Procuraremos levar a cabo todas as UD, non pararnos máis do necesario en algunhas delas e prever con algo de tempo as posibles interrupcións ou desaxustes. Con isto pretendemos que se traballe o 100% do programado. A reforma, non tanto en canto a contidos, senón ao xeito de chegar a eles e de traballar, agardamos se vexa “rematada”.

O emprego dos espazos exteriores e máis próximos ao centro seguirán sendo un recurso chave e indispensable para o futuro. Sin esquecer o traballo en “unidades dobles” ( compostas por dous deportes ou actividades que se complementan en canto aos espazos dispoñibles en cada momento).

## **E) Avaliación da práctica docente.**

Podemos decir que foi unha avaliación POSITIVA. A práctica totalidade das sesións desenvolvéronse con normalidade. As rutinas implementadas nos cursos pasados, serviron para que todo fose máis levadeiro.

Como en cursos precedentes, o principal problema podémolo atopar no cambio de espazos para traballar, e do frío que nos meses do inverno alí pasamos.

O clima socio afectivo das clases é bo. En certos casos , seguimos atopando na competitividade desmedida e na falta de compañeirismo o noso cabalo de batalla. Non debemos descuidar nin desatender estes focos de conflito, na procura dun mellor ambiente de cordialidade, diálogo e tolerancia. Na programación do curso 23-24 faremos especial fincapé no tema “competitivo” nas primeiras sesións de cada UD de todo o 1º trimestre. As ligas dos recreos faranse ou non en función do que o alumnado sexa capaz de interiorizar esta premisa. “XOGO SOBRETUDO PARA DIVERTIRME E APRENDER, NON SOAMENTE PARA GAÑAR OU PERDER.”

## **F)Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas. ( Relacionadas coa EF ).**

As actividades desenvolvidas durante o curso foron a maioría das programadas e tamén algunha nova que xurdiu co curso xa comenzado. Dende o departamento de EF procuramos, como en cursos precedentes, atender ás demandas do alumnado e ofrecerlles actividades variadas, non só no centro senon tamen fóra do mesmo.

- O Magosto e Samaín foi este curso o 27 de outubro, toda a EP realizou o gran XOGO do Magosto, un clásico que nunca falla.

- En novembro chegou o turno do TENIS DE MESA. Tivemos a sorte de contar coa colaboración do club de Narón. Viñeron ao cole darles unhas sesións aos grupos de 4º a 6º. Xenial como sempre, presentar diferentes deportes a alternativas aos nosos alumnos e alumnas.  
Por medio do XOGADE; que puxo o bus, o 30 de xaneiro , o alumnado que quixo participar de 5º e 6º, fomos a unha maravillosa xornada nas instalación do club de Narón en Sta Icíá. Foi un torneo compartido con nenos e nenas do cole de Teixeiro, Moi Ben!
- O día 15 de febreiro celebrouse en Cedeira a carreira de campo a través que promove o XOGADE Foi, como sempre, unha xornada moi entretida na que @s nen@s ( de 4º a 6º de EP) fixeron deporte na natureza e compartiron experiencia coa rapazada dos concellos veciños. Xenial!.
- O 25 de maio chegou o turno do SURF. O grupo de 4º de EP disfrutou dunha xornada na praia de Vilarrube, Foi un bautismo maravilloso. Para repetir monitores e praia! ;).
- A xa clásica baixada á praia da Frouxeira realizouse o día 15 de xuño co alumnado de 5º de EP e o día 20 cos de 6º , e os de 5º que quixeron repetir ;). Volei praia, fútbol, palas , chapuzón e xeados. Planazo.
- Por último , e non menos importante... as competicións dos recreos do Atios! . Fíxose unha liga de brilé co alumnado de 4º a 6º de EP .  
Arrancou no mes de outubro e finalizou polo Nadal. No 3º trimestre voltaron as ligas de futsal con dúas categorías ( benxamín e alevín) e 5 equipos en cada unha. Éxito asegurado coa participación de casi 100 nenos e nenas.
- 21 de xuño. Con motivo do 50º aniversario de Atios, a festa Fin de Curso foi unha xornada repleta de actividades ( hinchables, camas elásticas, karaoke, xogos populares,... ) , música, xantar popular coas familias e festa da escuma para [tod@s](#).

## **G) Principais conclusións.**

Sempre aprendemos, nunca deixamos de mellorar. Debemos ter moi presente esta frase para non deixar de traballar. Cada curso deixa cousas moi positivas e outras non tanto das que temos que ser capaces de sacar conclusións coas que avanzar. Se puidemos deixar atrás unha pandemia, o que veña non será tan complicado.

A forza e a ilusión dos nenos e nenas pode con todo, a nosa labor soamente é conducilos por moitos camiños que teñan saídas positivas, co tempo irán escollendo os camiños que máis se adapten ás súas condicións e gustos personais. O obxectivo máis importante debe ser motivar e reforzar esa ilusión por aprender, coñecer novos xogos, novas experiencias e amizades.

Aprender dos erros, valorar máis o que temos, disfrutar das pequenas cousas, o importante que é facer exercicio e manterse en forma,...

Como recordamos todos os cursos.... Seguiremos esforzándonos, para que a oferta educativa de EF sexa o máis atractiva posible para a maioría do alumando, con actividades variadas e novidosas, buscando na motivación o motor das nosas clases.

Tentaremos seguir ofrecendo o mellor de nós para que os nosos alumnos e alumnas continúen con esas ganas de practicar actividades físicas e deportivas.

Sempre en Atios.